



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

A Federación Galega de Patinaxe (en diante FGP), a través do Comité de Patinaxe Artística, comunica aos seus clubs afiliados o seguinte:

1.- Cambios no calendario de competicións

Realízanse os seguintes cambios no calendario de competicións previsto para a tempada 2015:

1.1.- O Campionato Autonómico de 2ª Categoría da modalidade de Espectáculo celebrarase o día 6 de xuño (en lugar do 13 de xuño, como estaba previsto), organizado polo Club Vagalume.

1.2.- O Campionato Provincial de Libre e Parellas das Categorías Benxamín a Infantil celebrarase o día 13 de xuño (en lugar do 6 de xuño, como estaba previsto), organizado polos clubs Compostela, para a provincia da Coruña, e Porriño, para a provincia de Pontevedra.

1.3.- A Fase Autonómica do Trofeo Xunta divídese en dúas fases provinciais e únicas, celebrándose así un Trofeo Xunta na provincia de Pontevedra (organizado polo CPA Gondomar) e outro na provincia da Coruña (organizado por CPA Maxia e AD Liceo). Mantense para ambos os dous a data establecida: 11 de abril de 2015.

2.- Prazos de inscrición e baixas.

Recordamos aos clubs que será obriga de cada club asegurarse (preferiblemente por teléfono) antes do fin do prazo de inscrición de cada campionato que a FGP, ou Delegación no caso de Pontevedra, recibiu correctamente a inscrición de participantes.

2.1.- Recordamos que o prazo de inscrición finaliza 24 días antes da celebración do campionato (tal como se reflicte no calendario de prazos publicado na web oficial da FGP: www.fgpatinaje.com, dentro do documento de Normativa Autonómica) e que se deberán dar as baixas de patinadores 10 días antes da celebración do campionato.

2.2.- Unha vez finalizado o prazo descrito no apartado anterior, non se admitirá a trámite ningunha inscrición.

3.- Listado de participantes.

O luns seguinte á finalización do prazo de inscrición, enviarase aos clubs e colgarase na páxina web oficial o listado de participantes do campionato en cuestión; tendo os clubs de prazo ata o sábado da mesma semana para comunicar erros e que a FGP poida emendalos.

4.- Ordes de saída.

O mércores anterior á celebración do campionato, enviaranse aos clubs e colgarase na páxina web oficial da FGP as ordes de saída correspondentes.